ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
UN20013

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: O exercicio da competencia administrativa na Lei 40/2015, do 1 de outubro

CONVOCATORIA: Convocatoria Universidades

GRUPO: Cursos EGAP - Universidades

ÁREA: Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	F. FINALISTAS	**HORAS:**	25
ADMINISTRACIÓN:	UNIVERSITARIA	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	**TIPOLOXÍA:**	XERAL	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 04/04/2020 - 08:00h ao 17/04/2020 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Nas relacións entre a Administración Pública e os cidadáns tan importe é respectar o procedemento establecido na produción dos actos administrativos como que estes emanen do órgano coa competencia para ditalos (artigo 34 da lei 39/2015, do 1 de outubro). De acordo coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as competencias exercitaranse polos órganos que as teñas atribuídas como propias. Agora ben, dita afirmación xeral vese matizada na propia Lei ao regular técnicas de modulación competencial coa finalidade de axilizar o funcionamento da Administración, incrementar a eficacia da súa actuación ou acercar á xestión pública ao cidadán. A delegación de competencias, a desconcentración, a avocación, a encomenda de xestión, a delegación de firma e a suplencia son as figuras técnicas que permiten a modulación do principio de irrenunciabilidade da competencia e cuxo estudo constitúe o obxecto do presente curso.

DESTINATARIOS

Persoal de administración e servizos (PAS) das Universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

PROGRAMA

- A competencia
- Desconcentración de competencias
- Delegación de competencias
- Avocación
- Encomenda de xestión
- Delegación de firma
- Suplencia

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 26/10/2020 a 20/11/2020
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:** 24/11/2020 ás 19:00h
DOCENTES NOMEADOS		
Isabel Torralba Mena		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
EN LIÑA		